

“...Calquera paisaxe é resultado de diversas dinámicas que operan a escalas diferentes no espazo e no tempo. Unha paisaxe é o produto inacabado dunha evolución “socio-ecolóxica”, froito dun prolongado uso do territorio. Desvelar a realidade visible dos territorios constitúe o principal reto desta aventura.”

A complexidade da lectura dunha paisaxe radica nas diferentes dimensións que a conforman:

- a. **A dimensión físico-ecolóxica:** *representada pola materialidade dos elementos naturais dos ecosistemas aos que lle dan soporte. Estes elementos chamarémolos “elementos estruturais”.*
- b. **A dimensión histórico-cultural:** *Aquela que nos amosa que a paisaxe é, sobre todo, un produto cultural de raíz histórica. Un relato sobre cómo o ser humano relaciónase co seu entorno, na procura dun lugar donde asentarse e dos recursos necesarios para satisfacer as súas necesidades. Un longo e lento proceso que conleva a construción dunha íntima relación cun territorio, ao que lle damos nomes –a toponimia- e significados e, tamén, otorgámoslle valores. A estes outros elementos, máis efímeros que os derivados da natureza e de clara orixe humana, chamarémolos “texturais”.*
- c. **A dimensión formal:** *Todos nós, como comprobamos na anterior tarefa, percibimos as paisaxes, vivímolos e as interpretamos de xeito estético e intelectual, xa que non debemos esquecer que somos, á postre, parte delas”.*

Fonte: "Pagus. Galicia un país de paisaxes. Guía do profesorado". 2015#